



Queres colaborar como voluntario/a no teu concello durante o verán?

O CONCELLO DA BAÑA BUSCA 8 VOLUNTARIOS/AS PARA APOIAR AS ACTIVIDADES DO CAMPAMENTO URBANO DOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2015

Ao abeiro da Orde do 7 de abril de 2015 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2015, **o Concello da Baña selecciona 8 voluntarios/as** para apoiar as actividades do Campamento urbano nos meses de xullo e agosto do 2015.

Despois do éxito da experiencia do ano 2014, animamos ás mozas e mozos con idades comprendidas **entre os 16 e 30 anos de idade**, empadroadas/os no Concello da Baña, a que participen neste proxecto relacionado co tempo libre e que favorece a conciliación da vida familiar e laboral da veciñanza.

Cada participante obterá unha **dotación de 6 euros por día** que exerza como voluntaria/o para gastos de manutención e transporte (cun mínimo de 6 horas ao día e por un total de 60 días). Durante o tempo de execución do proxecto, as persoas voluntarias terán cobertura do seguro de responsabilidade civil e de accidentes.

Ao finalizaren os proxectos, as persoas voluntarias que participen neles obterán da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un certificado de educación non formal acreditativo da acción voluntaria desenvolvida.

As persoas voluntarias que concorresen á mesma convocatoria en anos anteriores non poderán volver a participar.

Valorarase ter formación ou coñecementos no ámbito relacionado coa actividade.

As persoas interesadas deberán cubrir a SOLICITUDE e entregala no concello, **ata o venres 8 de maio de 2015**, xunto **cunha copia do DNI** a través das seguintes vías:

- Por correo electrónico, no enderezo: alicia.blanco.sande@hotmail.com (Indicarase no asunto: Voluntariado na Baña).
- Persoalmente nos Departamentos de Cultura e/ou Emprego do Concello da Baña (na planta alta).
- No caso dos/as menores de idade, será preciso achegar tamén copia do DNI e autorización do/a pai/nai/titor/a legal.

Máis información nos teléfonos: 981 886 501 – 607 721 711

A Baña, 21 de abril de 2015



SOLICITUDE PARA PARTICIPAR COMO VOLUNTARIO/A NO CONCELLO DA BAÑA 2015

Don/ dona _____

DNI núm. _____, data de nacemento _____

Teléfonos _____ / _____

Enderezo electrónico _____

e domicilio en _____.

** Para cubrir no caso de menores de idade

Don/dona _____ con DNI _____

como pai/nai/titor/a legal do/a menor arriba indicado/a.

EXPOÑO:

1. Que cumpro cos requisitos da oferta para apoiar como **VOLUNTARIO/A** nas actividades do Campamento urbano durante os meses de xullo e agosto do 2015 no Concello da Baña (Orde do 7 de abril de 2015 pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de Voluntariado Xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2015).

Polo que, SOLICITO:

Que sexa admitido/a no correspondente proceso selectivo.

A Baña, _____ de _____ de 2015.

Asinado:

A persoa voluntaria

AUTORIZO

O/a pai/nai/ titor/a legal